

O RESPLANDOR

Daniel revólvese no leito, dá unha volta e outra. De súpeto sente como unha luz entra pola xanela deixándoo cego.

Aos poucos vai recuperando a vista e dáse conta de que xa non está no seu cuarto.

-Estou morto? -pregúntase.

Todo ao seu redor era como de algodón e de tons claros.

Daniel non entendía que estaba pasando, o último que recordaba é estar na cama e logo o resplandor que o trasladou a ese lugar.

Sente unha presión na cabeza, coma se non se puidera mover, así que se mantén deitado nesa superficie acolchada.

-Se isto é o que se sente ao estar morto xa entendo por que ninguén volve á vida -di.

De repente, comezouse a escoitar unha voz moi difusa e baixiña:

-Daniel, esperta...

Non entendía que estaba pasando.

A voz volveuse a escoitar máis clara.

-Daniel non cho volvo dicir, sae xa de debaixo das mantas.

María Bernárdez González 4º B